



Nova Escola Galega

OPINIA

Febreiro de 2020

«PIN PARENTAL»

CENSURA *versus* CIDADANÍA NA ESCOLA PÚBLICA


Asistimos a un novo combate ideolóxico contra a escola pública liderado desde as forzas políticas da ultradereita e da dereita neoliberal. A censura sobre o currículo en forma de veto parental, un episodio envolto na defensa dunha suposta liberdade individual das familias para educaren os seus fillos e fillas exclusivamente nas súas conviccións, estendendo e confundindo a responsabilidade e os dereitos sobre a educación no ámbito privado e familiar ao esixible, nunha sociedade democrática, respecto da participación das persoas nun plano público e social, como é a institución educativa.

Non é unha estratexia nova, nin exclusiva da dereita española. O auxe da ultradereita no mundo permítenos observar estratexias desta caste, por exemplo, nas iniciativas de goberno de Bolsonaro no Brasil,

primeiro co "kit gay" e logo coa "escola sen partido". A nosa historia da educación pasada e recente ten rexistrados episodios semellantes baixo distintos formatos. Para mostra dous botóns: a guerra da obxección de conciencia na materia de "Educación para a cidadanía", auspiciada mesmo por algúns gobernos autonómicos do PP, ou, no noso propio país, toda a armazón relacionada coa consulta lingüística sobre a que se construíu o Decreto do Plurilingüismo e o seu posterior desenvolvemento, batendo –en ambos os casos– coas prescricións lexislativas.

Os impulsores destas iniciativas saben que non terán percorrido porque incumpren as leis, pero iso é o de menos: do que se trata é de xerar ruído mediático poñendo baixo sospeita a escola pública, un lugar "contaminado" de ideoloxías perturbadoras, esce-



TIRANÍA PARENTAL


nario de conflitos de todo tipo, ao que, se cadra, é mellor non apuntarse. Nun momento político no que pode perder peso a rede concertada, retrocedendo no control e no adoutramento da igrexa custeado cos impostos de todos e todas, hai que axitar as augas. A baixada demográfica agudiza a competencia entre a dupla rede sostida con fondos públicos, e non é cuestión de pararse nas formas.

Saben que a programación educativa é competencia da administración educativa e do legislativo, que debe consultar de maneira colexiada os representantes das familias, a través dos órganos que a lei determina. Saben que a "liberdade individual-familiar de elección de contidos" non é posible, nin sensata, porque suporía a ruptura dos consensos básicos sobre os obxectivos e os valores nos que se debe sustentar a educación desde o respecto ao pluralismo democrático, e, ademais, faría ingobernable a vida nos centros educativos. Sábeno sobradamente, pero prefiren incentivar un xogo perverso que conduza ao caos e faga inviable a convivencia.

A Constitución, no artigo 27.5, establece que a garantía do dereito á educación lles corresponde aos poderes públicos, aos que lles encarga a programación xeral do ensino. Tamén abre as portas á partici-



pación efectiva de todos os sectores afectados nesa programación educativa. No que a esta respecta é a LODE (art. 29) a que delimita o contido de participación do dereito á educación, establecendo que os sectores interesados na educación participarán na programación xeral do ensino a través dos órganos colexiados. Entre as cuestións que se inclúen na programación educativa están os currículos escolares. A LOMCE (arts. 6 e 6 bis) indica con claridade cal é o contido dese currículo, que inclúe o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación. Todas estas cuestións son parte do núcleo que lle corresponde fixar á Administración coa colaboración dos Consellos Escolares estatal ou autonómico. Xaora, non hai posibilidade de censura sobre ningunha destas cuestións, porque supoñería a alteración da regulación no previsto na LOMCE e na LODE de delimitación do dereito de educación, que pretende garantir a igualdade e o pleno desenvolvemento da personalidade, impedindo que consideracións parciais ou non amparadas en dereitos, que a Constitución considera dignos de protección, poidan vulneralas.

É dicir, aquí a lexislación está protexendo a infancia nos seus dereitos educativos, evitando que mesmo as súas propias familias poidan atacar contra eles amparadas nunha suposta "liberdade de elección" que se estende ata os propios contidos educativos, e que poida apoiarse na oportuna cobertura da administración educativa a un presunto "dereito á ignorancia". Se cadra o descoñecemento, ou o desprezo, da ultradereita sobre os dereitos humanos explica a súa visión patrimonial respecto da educación dos seus fillos e fillas, aos que nin a súa propia familia ten dereito a mantelos á marxe da oportunidade de educárense con sentido crítico, coñeceren os problemas do tempo que lles toca vivir e procuraren, a través do coñecemento, a reflexión e o debate, un achegamento plural a temas socialmente controvertidos.

Para os ideólogos desta nova modalidade de censura educativa, as aprendizaxes a combater son fundamentalmente as relacionadas coa igualdade entre homes e mulleres, as cuestións afectivo-sexuais, sinaladamente as que contemplan avances en dereitos para os colectivos LGTBI+, as asociadas á emerxencia climática e, no caso español, o desenvolvemento de actividades para a recuperación da memoria histórica e o alcance das linguas vernáculas no sistema educativo. Consideran que a educación non debe comprometerse cos problemas sociais da desigualdade, permanecer impasible diante da constatación



da violencia de xénero –do feminicidio que nos ape-la todos os días– ou poñerse de perfil respecto da emerxencia medioambiental que sacode o planeta. Os herdeiros do franquismo non toleran o coñecemento da nosa historia e pretenden que o negacionismo se instale nas aulas e que só a lingua do imperio teña algo que dicir nos escenarios educativos.

Pode a nosa sociedade tomar en serio estas pretensións e deixar espaldas as novas xeracións fronte a problemáticas sociais desta envergadura?

Esta iniciativa vén auspiciada por unha organización política de ultradereita, pero non é menos certo que hai caldo de cultivo para que poida anixar nalgúns contextos, porque o PP desde a súa acción de goberno aboou o terreo. Como se sabe, a LOMCE descargou os Consellos Escolares de moitas das competencias desde as que as familias podían exercer en grao mínimo unha participación colexiada.

No canto de incentivar a participación das familias e a súa corresponsabilización na construción dese marco de convivencia e de cidadanía que é a institución escolar, non dubidan en lle dar prioridade á perspectiva "individual familiar", orientación que ten trazos neoliberais e que reforza a visión "clientelar" tamén no ensino público. Esta posición debilita enormemente o plano da democracia cívica, fundamental nas sociedades complexas, coma as nosas, para fortalecer a integración social, aspecto no que a institución escolar xoga un importante papel.

Ademais de actuar contra os dereitos da infancia e confundir as familias respecto das súas opcións de participación, a censura educativa cuestiona a profesionalidade docente e a autonomía. Non deixa de ser sintomático que sexan precisamente os creadores de recoñecementos "fatuos" ao profesorado –como a figura de autoridade pública– os que primeiro cuestio-

nen a súa profesionalidade, deixándoos aos pés dos cabalos desta tropa que pretende arrasar calquera indicio de pluralismo democrático nos centros.

A administración debe amparar o profesorado (u-la proclamada "autoridade") no cumprimento dos obxectivos que marca a lei para a adquisición de competencias, valores e actitudes, facilitando un traballo serio neste ámbito. E non pode introducir medidas provocadoras de conflitos xeneralizados, interpersoais e intercomunitarios, na necesaria convivencia nos centros, que incrementarían ata límites insoportables a súa xa de por si complexa xestión.

Se cadra estes episodios deben estimular a nosa reflexión e o noso traballo na comunidade educativa sobre as eivas que aínda se poden identificar no deseño e no desenvolvemento curricular, e nas nosas prácticas docentes. Moitas das problemáticas que os censuradores queren evitar teñen unha moi reducida abordaxe e mesmo están ausentes da maioría dos materiais educativos que empregamos. A sobrecarga de contidos académicos e a estreita visión disciplinaria non permite agromar suficientes e motivadores proxectos arredor dos dereitos humanos ou das emerxencias sociais que petan tamén na porta das nosas escolas. Hai un enorme camiño por transitar.

Algunhas entidades (organizacións sindicais e pedagóxicas ou colectivos de nais e pais) están saíndo ao paso para evitar que se instale o medo ou a autocensura como consecuencia deste tipo de ataques á esencia da escola pública. Moi ao contrario, este novo envite debe facernos máis conscientes das enormes posibilidades democratizadoras e de construción de cidadanía asociadas ao dereito a unha educación crítica e transformadora.

Mans á obra, que queda moito por desvelar e construír.




Porque temos unha lingua



Nova Escola Galega

ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



engádeste?
engádeste?
engádeste?



www.nova-escola-galega.org